

# José Baña Pose preséntase a si mesmo

Reproducimos un pequeno texto de Baña Pose, tirado do seu libro *Suspiros n'a terrina*, onde o autor realiza unha autopresentación.

## Contidos:

- REI LEMA, Xosé María: *As historias de Pepe de Xan Baña*, Santa Comba: 3C3 Editores, 2005, pp. 228-229.



**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

Arquivo da Emigración Galega

Rúa Galeras, 13 / 15705 Santiago de Compostela / A Coruña  
Tel: +34 981 557351 / Fax: +34 981 582985 / [aemigracion@consellodacultura.org](mailto:aemigracion@consellodacultura.org)

## **EU POR MIN MISMO**

Nacín o día catro de xaneiro do ano mil oitocentos setenta e dous, unha noite de xiada dos demos. Ó outro día mataron os cochos. Houbo grandes loitas por causa miña. Promeiro veu unha muller da Penela pra miña nai, pro marchou da casa, e casouse con quen lle chamaban o Mouro da Golada, e o que había de ser eu, é hoxe Perfecto do Mouro. Logo veu un chamado Antón de Lopes pra ser meu pai, pro quería que lle fixesen o papel de todo pra casarse con miña nai, e miña nai non quixo. Si se fixera este casamento eu estaría morto hoxe, porque o promeiro fillo que tuvo ese home morreu.

Logo veu meu pai, o millor mozo desde Traba a Laxe, e desde Malpica á Barcala, casouse con miña nai, e aquí está o fillo máis vello, que son eu.

Todos estes traballos pasei antes de nacer porque meus pais non son fillos de quen herdano, sinón sobriños herdeiros.

De pequeno disque era mui calado; sempre estaba co dedo gordo do pé na boca. Ós catro anos xa camiñaba só.

Fun á escola tres anos e nunca me bourou o mestre. De doce anos astra que vin prá Habana fun sempre cas ovellas. Cando lle rezaba o responso a S. Antonio da Golada nunca me faltaba ningunha. Ós dez e sete anos vin prá Habana. A primeira colocación que tuven fui en Carmen e Tenerife, nunha bodega.

Nos dez e oito días que estiven non quedou nunca o dulce por comer. Ás nove da noite tiña que sacar un can como un lobo a mexar, pola corda. Unha noite apareceuse unha cadela con uns cantos amigos cans. Eu tiña o meu can suxeto á miña cintura pola corda, para comer con pacencia o dulce que trougera no peito, e ó ver a cadela o meu can botou a correr comigo arrastrado, que si non fora unha parexa de Orden Público, xa ninguén se acordaba de min hoxe.

Os sitios onde estiven traballando non ten conta, nin os oficios que empecei.

Fun casado unha ves e teño fillos da primeira muller.

Son o promeiro no mundo que se chama Pepe de Xan Baña.